

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE INTERIOR

**4326** *REAL DECRETO 316/2000, do 3 de marzo, polo que se modifican algúns preceptos do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, relativos ás licencias e ás revistas de armas.* («BOE» 55, do 4-3-2000.)

A frecuencia con que actualmente se leva a cabo a expedición de licencias de armas de persoas maiores de sesenta e de setenta anos —con periodicidade bienal e anual respectivamente—, e, así mesmo, o gran número de trámites administrativos globalmente necesarios para realiza-la denominada revista de tódalas armas regulamentariamente documentadas, xera un cúmulo de obrigas para os titulares das licencias e das armas e unha carga considerable de actuacións para a Garda Civil, que non producen unha repercusión proporcional en beneficio do mantemento da seguridade pública.

Fronte a iso, a Administración pública debe reaccionar vinculada por un principio de economía e perfeccionamento das súas relacións cos particulares e por outro principio, concorrente co anterior, de simplificación e de eficacia das súas actuacións, en calquera dos seus ámbitos competenciais, e tamén en materia de armas, sempre que neste caso non poidan resultar minguados por ningún concepto os niveis de contribución á seguridade pública, alcanzados coa aplicación da regulamentación vixente na materia.

Consecuentemente, considérase obrigado revisa-lo proceso de racionalización dos requisitos e de mellora do procedemento de expedición de licencias de armas a maiores de sesenta e de setenta anos, así como de realización dos trámites de revistas de armas, atendendo ás xustificadas queixas e peticións das persoas afectadas, e especialmente ás formulacións efectuadas en distintas instancias polas federacións, nacional e autonómicas, de caza, en representación dun numeroso colectivo de cazadores de tódalas idades, así como o compromiso contraído polo Goberno, na mesma liña de preocupacións, tendo en conta a proposición non de lei aprobada pola Comisión de Xustiza e Interior do Congreso dos Deputados, con data do 5 de novembro de 1998.

Todo isto lévase a cabo mediante un triple mecanismo de unificación: da duración das licencias expedidas a maiores de sesenta e de setenta anos, que será idéntica á das licencias concedidas ós demais cidadáns, manténdose a vixencia daquelas mediante a obtención de simples visados da autoridade competente, bienais e anuais, respectivamente; da vixencia das licencias para rifles, que será igual que a das licencias para escopetas; e dos procedementos de renovación das licencias, que se refundirán cos trámites das revistas de armas; modificándose para tales efectos os preceptos pertinentes do Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Interior, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de marzo de 2000,

DISPONGO:

### Artigo primeiro.

Os preceptos que se mencionan do Regulamento de armas aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, quedan redactados na forma que para cada un deles se expresa a continuación.

#### «Artigo 90.1.

As armas da 1.<sup>a</sup> categoría, e tódalas de concurso, pasarán revista cada tres anos. As demais armas que precisen guía de pertenza, pasarán revista cada cinco anos. En ámbolos casos, as revistas pasaránse no momento de presenta-las solicitudes de renovación das correspondentes licencias de armas dos titulares daquelas.»

#### «Artigo 100.2.

Ninguén poderá posuír máis dunha licencia D, que terá cinco anos de validez e autorizará para levar e usar ata cinco armas da categoría 2.<sup>a</sup>, 2.»

#### «Artigo 104.

1. Para mante-la vixencia das licencias de armas coa duración determinada nos artigos anteriores, as expedidas a maiores de sesenta anos necesitarán ser visadas cada dous anos pola autoridade competente, logo de o interesado presentar informe favorable, expedido por un centro de recoñecemento autorizado ou, se é o caso, logo da superación das correspondentes probas complementarias de aptitude. Respecto das expedidas a maiores de setenta anos, a dita formalidade deberá efectuarse con carácter anual.

2. Nos supostos en que, ó tempo da expedición da licencia, por razóns de posible evolución de enfermidade ou defecto físico do solicitante susceptible de agravarse, se comprobe, a través de informe de aptitude ou de probas complementarias, que non é posible expedila para a totalidade do prazo normal de vixencia, a autoridade competente poderá condiciona-lo mantemento da dita vixencia á acreditación, coa periodicidade que a propia autoridade determine, da aptitude psicofísica necesaria, mediante a presentación de novos informes de aptitude ou a realización de novas probas complementarias, o que, se é o caso, se fará constar nas licencias mediante os correspondentes visados.

3. Para os supostos recollidos neste artigo, o Ministerio de Interior aprobará un modelo especial de licencia de armas, con espazo suficiente destinado á consignación dos sucesivos visados gubernativos.»

**Artigo segundo.**

Engádeselle un parágrafo novo ó artigo 97.1 do Regulamento de armas, do teor literal seguinte:

«Cando se trate da obtención de licencias sucesivas, o solicitante que sexa titular de armas correspondentes á licenza que se solicita deberá presentar, coa solicitude de nova concesión, a arma ou armas documentadas, persoalmente ou por medio de terceiro autorizado por escrito e que conte con licenza correspondente á arma ou armas de que se trate, para efectos de revista.»

**Disposición transitoria primeira.**

Os titulares de licencias de armas, que pasasen revista da arma ou armas correspondentes durante os doce meses anteriores ó da entrada en vigor deste real decreto, non terán obriga de presenta-las armas a revista, salvo requirimento especial da Intervención de Armas competente, cando soliciten a primeira renovación das licencias, posterior á dita entrada en vigor.

**Disposición transitoria segunda.**

As ampliacións de vixencia dispostas por este real decreto non serán aplicables ás licencias expedidas con anterioridade á data de entrada en vigor deste, as cales manterán a vixencia temporal para a que foron concedidas.

**Disposición transitoria terceira.**

As persoas que, na data de entrada en vigor deste real decreto, ou con posterioridade, foren titulares de licencia D, de armas longas raiadas para caza maior, e de licencia E, para escopetas e demais armas das categorías 3.<sup>a</sup> e 7.<sup>a</sup>, 2 e 3, con datas distintas de caducidade, con obxecto de unificar para o sucesivo o transcurso dos prazos de vixencia de ámbalas licencias, poderán instar conxuntamente a iniciación dos dous procedementos de renovación, solicitando voluntariamente, coa renovación necesaria da licencia que caducase, a da licencia que aínda se encontre en vigor.

**Disposición derradeira única.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de marzo de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Interior,  
JAIME MAYOR OREJA

## MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CULTURA

**4327** REAL DECRETO 271/2000, do 25 de febreiro, polo que se aproban os estatutos da Real Academia Galega. («BOE» 55, do 4-3-2000.)

Os estatutos primitivos da Real Academia Galega, aínda vixentes, datan de 1906 e foron promovidos pola Asociación Iniciadora e Protectora da Academia na Haba-

na cuns fins entre os que figuraban a protección e difusión da lingua galega.

O tempo transcorrido desde entón e a propia evolución da sociedade fan necesario redactar uns novos estatutos que se adapten á realidade actual, redefinindo o traballo que lle corresponde a esta institución que, prioritariamente, está constituído polas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, función que lle é encomendada na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, aprobada unanimemente polo Parlamento de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación e Cultura, de conformidade co informe do Instituto de España e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de febreiro de 2000,

**DISPONGO:**

Artigo único. *Aprobación dos estatutos.*

Apróbanse os estatutos da Real Academia Galega, que figuran como anexo a este real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os estatutos da Real Academia Galega, aprobados por Real decreto do 25 de agosto de 1906.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación e Cultura,  
MARIANO RAJOY BREY

**ANEXO****ESTATUTOS DA REAL ACADEMIA GALEGA****CAPÍTULO I****Denominación, fins, ámbito e domicilio**

Artigo 1.

A Real Academia Galega é unha institución científica que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego.

Artigo 2.

Son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establece-las normas referidas ó uso correcto da lingua galega, conforme o disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, do Parlamento de Galicia, nomeadamente:

- 1.º A elaboración da norma gramatical, ortográfica e fónica.
- 2.º O inventario do léxico e a proposta dun diccionario de uso.
- 3.º A modernización e actualización do léxico.

b) Estudiar e propo-la restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.

d) Defender e promove-lo idioma galego.